

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 29.11.2018 Hora: 10:30

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 29 de novembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Pregunta

- 1.2 36504 (10/POC-005810)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre as razóns do incremento no verán de 2018 do número de persoas falecidas nas estradas galegas, as intencións do Goberno galego en relación co Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020 e as actuacións levadas a cabo dende a súa entrada en vigor para reducir a sinistralidade e o número de falecementos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 23014 (10/PNC-001837)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a contratación pola Xunta de Galicia, no primeiro semestre de 2018, da redacción dun proxecto para mellorar a seguridade viaria e a mobilidade peonil na estrada PO-841, A Estrada-Santiago de Compostela, na intersección coñecida como "cruzamento de Baloira"
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018
- 2.2 33314 (10/PNC-002726)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas demandas da veciñanza do lugar de Beltrán, da localidade de Xove, referidas ao arranxo dos problemas de seguridade xurdidos a consecuencia da construción da rotonda de conexión da LU-682 coa vía de alta capacidade CG-2.3
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 338, do 19.07.2018
- 2.3 35955 (10/PNC-002885)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a seguridade viaria e peonil da estrada PO-308, no concello de Poio
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 354, do 12.09.2018

- 2.4 38789 (10/PNC-003107)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 13 máis
Sobre o inicio pola Xunta de Galicia da redacción dun proxecto de mellora e acondicionamento do trazado da estrada OU-636, entre Freixido e A Pobra de Trives, para posibilitar a súa aprobación no ano 2019 e a realización dos trámites necesarios para a execución das obras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018
- 2.5 38796 (10/PNC-003109)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a ampliación dos espazos protexidos pola Rede Natura 2000
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018
- 2.6 39560 (10/PNC-003180)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de mellora da seguridade viaria da estrada PO-331, no treito comprendido entre os puntos quilométricos 11,200 e 14,600
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 380, do 06.11.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2018

Jaime Castiñeira Broz
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 21/11/2018 12:31:00

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Jaime Castiñeira Broz	P
Vicepresidenta	
Marta Nóvoa Iglesias	P
Secretario	
Antón Sánchez García	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Marcos Cal Ogando	EM
Martín Fernández Prado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 29.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Pregunta

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 29.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 36504(10/POC-005810)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as razóns do incremento no verán de 2018 do número de persoas falecidas nas estradas galegas, as intencións do Goberno galego en relación co Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020 e as actuacións levadas a cabo dende a súa entrada en vigor para reducir a sinistralidade e o número de falecementos

Publicación da iniciativa, 359, 20.09.2018



Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

Este verán incrementáronse as mortes nas estradas galegas, xerando unha tendencia que comeza a ser alarmante despois de anos de tendencia á baixa.

Galicia é a segunda comunidade con maior aumento do número de falecidos nas súas vías durante xullo e agosto, con 21 persoas mortas, 11 máis que no mesmo período de 2017.

Fai uns meses a Conselleira de Infraestruturas e Vivenda, a señora Ethel Vazquez, compareceu no Parlamento de Galicia presentando o Plan 2016-2020 de seguridade viaria de Galicia.

Tendo en conta este alarmante incremento de falecidas nas estradas galegas, e que chega nun contexto previo no que os datos de sinistralidade en Galicia xa se atopaban entre os máis altos do Estado, presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) A que se debe o incremento de mortalidade nas estradas galegas?
- 2.^a) Atendendo a estes resultados, segue a Xunta de Galicia apostando polo plan 2016-2020, prepara modificacións no mesmo ou a creación dun novo?
- 3.^a) Que actuacións concretas ten realizado a Xunta de Galicia para reducir a sinistralidade e o número de falecidas en Galicia estes tres anos de desenrolo do plan?



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36504
Data envío: 12/09/2018 19:44:58.886



4.ª) Que está facendo ou vai a facer a Xunta de Galicia para reverter esta situación?

Santiago de Compostela 13 de setembro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 12/09/2018 19:42:40

Antón Sánchez García na data 12/09/2018 19:42:52

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 29.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 29.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 23014(10/PNC-001837)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a contratación pola Xunta de Galicia, no primeiro semestre de 2018, da redacción dun proxecto para mellorar a seguridade viaria e a mobilidade peonil na estrada PO-841, A Estrada-Santiago de Compostela, na intersección coñecida como "cruzamento de Balóira"

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 10:50
Nº Rexistro: 23014
Data envío: 15/01/2018 10:50:14.593

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na estrada de titularidade autonómica PO-841 (A Estrada-Santiago), existe unha intersección moi perigosa coñecida como “cruce de Baloira”, que está situado no medio dunha longa recta, na que se alcanzan altas velocidades, tanto de baixada como de subida. En dirección a Santiago ten unha forte pendente e en dirección de subida á Estrada ten dous carrís.

Este perigoso cruce dá acceso ás parroquias de San Xiao de Veá, San Xurxo de Veá, Santo André de Veá, así como a Pontecesures, a través da PO-214, situada a poucos metros. Desde o BNG consideramos que os veciños e veciñas de San Xiao de Veá, San Xurxo de Veá e Santo André de Veá, así como os que se dirixen a Cesures, non teñen por que xogarse a vida cruzando os tres carrís da PO-841 (A Estrada-Santiago) en Baloira. En ambos sentidos rexístranse altas velocidades que pon en perigo a segurancia dos usuarios e usuarias da vía, especialmente os que teñen que atravesar a PO-841 para ir as parroquias citadas, xa que teñen que atravesar tres carrís.

Neste cruce xa se rexistraron accidentes de distinta consideración e no BNG entendemos que xa son horas de que a Xunta, titular da PO-841, poña solución a este



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 10:50
Nº Rexistro: 23014
Data envío: 15/01/2018 10:50:14.593

perigoso despropósito, atendendo así as queixas dos usuarios e usuarias desta vía de acceso a San Xiao de Veá, San Xurxo de Veá, Santo André de Veá e Cesures.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a encargarse a redacción dun proxecto para a mellora da segurancia viaria e a mobilidade peonil na estrada PO 841 (A Estrada-Santiago), na intersección coñecida como “cruce de Baloira”. Este proxecto deberá contratarse no primeiro semestre de 2018, con vistas a licitar a obra no segundo semestre do presente ano.”

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 10:50
Nº Rexistro: 23014
Data envío: 15/01/2018 10:50:14.593

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/01/2018 10:48:10

María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2018 10:48:15

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/01/2018 10:49:46

Olalla Rodil Fernández na data 15/01/2018 10:49:47

Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2018 10:49:50

Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2018 10:49:58

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 29.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 33314(10/PNC-002726)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas demandas da veciñanza do lugar de Beltrán, da localidade de Xove, referidas ao arranxo dos problemas de seguridade xurdidos a consecuencia da construción da rotonda de conexión da LU-682 coa vía de alta capacidade CG-2.3

Publicación da iniciativa, 338, 19.07.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, Luís Manuel Álvarez Martínez, Raúl Fernández Fernández, e da súa deputada, María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

A principios do mes de xaneiro de 2017 poñíase en funcionamento un tramo da VAC (Vía de Alta Capacidade) CG 2.3, que evita o paso pola localidade lucense de Xove.

Esta vía, longamente demanda pola veciñanza no norte da provincia de Lugo, entronca necesariamente coa estrada LU-862, en tanto non estea rematada na súa totalidade.

Poucos días despois de poñerse en funcionamento o tramo, os veciños do lugar de Beltrán, que é onde remata de momento a CG 2.3 (ou o seu acceso) presentaban un escrito asinado por 72 persoas nas que demandaban que se dese algunha solución o problema xurdido coa construción da glorieta da LU-862, problema que deriva de que esta glorieta divide o núcleo de Beltrán e tamén un camiño veciñal chamado “A Meixoeira” que empregan para dirixirse ás súas fincas e co seu gando, que quedou tamén cortado pola nova glorieta.

A situación descrita ponse en evidencia coa seguinte fotografía aérea:



Ante a situación descrita, a veciñanza o único que pide é unha solución que garanta a súa seguridade, poñendo pasos de peóns debidamente sinalizados polos que cruzar a vía



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/07/2018 12:54
Nº Rexistro: 33314
Data envío: 10/07/2018 12:54:19.499



Grupo Parlamentario

de acceso á VAC e tamén ao camiño veciñal; entendemos que é unha demanda máis que razoable e que carece de toda complexidade e custo para a Administración autonómica.

Pese ao anterior, ningún tipo de resposta se lles ten dado en máis dun ano a este colectivo, motivo polo que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego que dea unha solución inmediata ás demandas da veciñanza de Beltrán (Xove) que mellore a seguridade na glorieta sinalada, conforme aos criterios e medidas que se establecen no Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020.

Pazo do Parlamento, 10 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/07/2018 12:50:59

Raúl Fernández Fernández na data 10/07/2018 12:51:09

María Luisa Pierres López na data 10/07/2018 12:51:21

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/07/2018 12:51:28

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 29.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 35955(10/PNC-002885)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego
para mellorar a seguridade viaria e peonil da estrada PO-308,
no concello de Poio

Publicación da iniciativa, 354, 12.09.2018



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Luis Manuel Alvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A estrada autonómica PO-308, que pasa polo concello de Poio, é extremadamente perigosa en varios puntos. Segundo recoñecera o seu día o entón conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, é unha das estradas máis saturadas de Galicia e unha das máis utilizadas para ir ás praias na tempada estival. Nalgunhas das súas zonas non existe nin beiravía. No verán, hai accidentes todas as semanas. Téñense producido varias mortes.

O Goberno municipal de Poio cre precisa unha vía alternativa á PO-308 que permita reducir o nivel de tráfico na estrada da costa que comunica a vila de Poio coa de Sanxenxo e transformala nunha travesía urbana que facilite a convivencia dos veciños e veciñas que con ela lindan, ademais de seguir avanzando en actuacións urxentes para mellorar a seguridade viaria en toda esta estrada. Mesmo o Plan xeral de Poio contempla unha conexión alternativa que permitiría derivar os fluxos de tráfico que se producen na ponte de A Barca e na súa contorna, evitando tráfico cruzados mediante a construción da conexión denominada “Viario do Bao” e que conecta a estrada de Vilagarcía (PO-531) coa da parroquia de Campañó (PO-310).

O Goberno da Xunta de Galicia tiña recollido no Plan Move 2010-2015 a necesidade de execución do dito viario cun horizonte de execución do ano 2015, mais, como xa é costume, segue a estar gardado nun caixón.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2018 17:36
Nº Rexistro: 35955
Data envío: 05/09/2018 17:36:48.051



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, con relación á estrada autonómica PO-308, a que:

1. Inicie os trámites pertinentes para a posta en funcionamento do “Viario do Bao” previsto no Plan Move para o ano 2015.
2. Acometa de maneira integral en todo o termo municipal de Poio a mellora da seguridade viaria e peonil da PO-308.
3. Proceda á firma dun convenio de colaboración co Concello de Poio para desenvolver a mellora de beiravías e de seguridade peonil na PO-308, á altura da Avenida de Andurique e de A Barca.

Pazo do Parlamento, 5 de setembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/09/2018 17:31:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/09/2018 17:31:23

María Luisa Pierres López na data 05/09/2018 17:31:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2018 17:36
Nº Registro: 35955
Data envío: 05/09/2018 17:36:48.051

 Grupo Parlamentario



Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/09/2018 17:31:37

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 29.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 38789(10/PNC-003107)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 13 máis

Sobre o inicio pola Xunta de Galicia da redacción dun proxecto de mellora e acondicionamento do trazado da estrada OU-636, entre Freixido e A Pobra de Trives, para posibilitar a súa aprobación no ano 2019 e a realización dos trámites necesarios para a execución das obras

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 09:46
Nº Rexistro: 38789
Data envío: 16/10/2018 09:46:39.585

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Miguel Tellado Filgueira, César Fernández Gil, Carlos Gómez Salgado, Antonio Mouriño Villar, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Cristina Romero Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de motivos

A estrada OU-636, de 21,14 km de lonxitude, forma parte da rede primaria complementaria de estradas de Galicia e une as localidades de Freixido (Concello de Petín, OU-533) e A Pobra de Trives (OU-536).

Seguindo o camiño romano XVIII, no itinerario de Antonino, tamén coñecido como a Vía Nova que comunicaba as cidades de Bracara Augusta e Asturica Augusta, presenta un sinuoso e complicado trazado tanto polas numerosas curvas como pola estreiteza da propia estrada, o que dificulta moito a circulación, cun límite de velocidade en torno os 40-50 km/hora.

O arranxo desta estrada ten sido unha demanda constante pola veciñanza destes núcleos de poboación, moi especialmente dos da comarca das Terras de Trives, que diariamente se desprazan por ela ata os seus centros de traballo ou para realizar as diferentes xestións no ámbito administrativo ou sanitario, que principalmente se prestan na capitalidade da comarca de Valdeorras, no Concello do Barco.

Certo é que durante estes anos a estrada OU-636 foi obxecto de varias obras de mellora.

De feito, recentemente a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Infraestruturas, vén de investir preto de 600.000 euros na renovación do firme, nunha actuación incluída no Plan de reforzos de firme deseñado pola propia Consellería.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 09:46
Nº Rexistro: 38789
Data envío: 16/10/2018 09:46:39.585**

Valorando positivamente este traballo, desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos que neste momento temos que apostar por un proxecto máis amplo e ambicioso, encamiñado a conseguir a mellora do trazado con actuacións concretas en varios dos puntos máis complicados desta estrada, nomeadamente nas diferentes curvas pertencentes ao termo municipal do Concello da Pobra de Trives.

Así pois, o obxectivo principal é acadar a mellora do trazado desta importante e histórica vía que comunica as comarcas de Trives e Valdeorras e, deste xeito, optimizar as condicións de circulación do tráfico rodado nesta zona do oriente ourensán tan necesitada de boas infraestruturas de comunicación.

Tendo en conta o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a iniciar a redacción dun proxecto de mellora e acondicionamento de trazado da estrada OU-636 entre Freixido e A Pobra de Trives, co obxectivo de que poida estar redactado e aprobado no ano 2019 para, a continuación, seguir coa tramitación necesaria para a execución das obras”.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/10/2018 09:40:15

Moisés Blanco Paradelo na data 16/10/2018 09:40:26

Martín Fernández Prado na data 16/10/2018 09:40:33

Jaime Castiñeira Broz na data 16/10/2018 09:40:42

Jacobo Moreira Ferro na data 16/10/2018 09:40:48

Marta Novoa Iglesias na data 16/10/2018 09:40:56

María Julia Rodríguez Barreira na data 16/10/2018 09:41:04

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 09:46
Nº Rexistro: 38789
Data envío: 16/10/2018 09:46:39.585**

Gonzalo Trenor López na data 16/10/2018 09:41:19

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 16/10/2018 09:41:30

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 16/10/2018 09:41:53

César Manuel Fernández Gil na data 16/10/2018 09:42:02

Carlos Gómez Salgado na data 16/10/2018 09:42:06

Antonio Mouriño Villar na data 16/10/2018 09:42:16

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 16/10/2018 09:42:27

Cristina Isabel Romero Fernández na data 16/10/2018 09:42:43

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 29.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.5 38796(10/PNC-003109)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego
para a ampliación dos espazos protexidos pola Rede Natura
2000

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 10:23
Nº Rexistro: 38796
Data envío: 16/10/2018 10:23:52.645



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 2.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Plan Director da Rede Natura (PDRN) aprobado o 27 de marzo de 2014, supuxo o abandono da proposta da Xunta do 2011, mesmo sometida a información pública, de ampliación dos LIC existentes e de creación de novos LIC.

E non se trata só de que Galiza segue sendo das nacións con menor porcentaxe de superficie ocupada por Rede Natura senón que espazos merecentes de ser catalogados como LIC deixaron de estalo, o que supuxo e supón a súa desvalorización a efectos de protección e posta en valor, con especial transcendencia a efectos de clasificación e categorización urbanístico dos terreos e usos prohibidos, autorizables e permitidos dos mesmos.

En efecto, na actualidade Galiza ten 59 LIC, que representan o 11,7% da superficie territorial do noso País; porcentaxe moi inferior á media estatal (23,1%). Nas zonas ZEPA acontece o mesmo (Galiza, 3% da superficie; media estatal 20,1%).

Nas Decisións/resolucións da UE 2004/813/CEE e 2006/613/CEE xa se precisaba a deficiencia e incumprimento da Directiva 92/43 de conservación de hábitats naturais e da flora e fauna silvestres, polo cal detallaba, e para cada



Estado (Anexo II de ditas Decisións) unha serie de especies/tipos de hábitats cubertos insuficientemente polo listado de LIC aprobados.

Dentro do listado de hábitats insuficientemente protexidos por LIC estaban, por exemplo, as breixeiras húmidas atlánticas e os mires de transición (brañas e similares), de especial incidencia na Galiza.

Pois ben, e cos antecedentes das Decisións da UE antes mencionadas, no 2011 a Xunta comeza a tramitación dunha proposta de ampliación da RN, tanto coa ampliación de 28 ¹ dos LIC existentes como pola proposta de 22 ² novos LIC. Dita proposta, aínda coas súas limitacións e omisións de espazos a protexer, supoñía un avance respecto da situación existente, e foi sometida a exposición ao público (por dúas veces) e o goberno da Xunta desistiu expresamente da mesma, aprobando un PDRN no que nin houbo ampliación da delimitación dos LIC existentes nin se aprobaron novos LIC, incumpríndose dese xeito as Decisións da UE respecto da insuficiencia e incumprimento por Galiza da obriga de incrementar a RN en aplicación da Directiva 92/43.

Despois de máis de 3 anos o PP levou, en xuño de 2017, á Comisión 2ª unha proposta para instar á Xunta a "iniciar los trabajos de estudio y documentación para ampliar la Red Natura 2000".

Máis de un ano despois seguimos sen ter novas de sí efectivamente a Xunta de Galicia iniciou algunha acción encamiñada a ampliar a Rede Natura.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

- 1) O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a establecer un procedemento aberto e participativo para a ampliación da Rede Natura co fin de contar cunha superficie e unha normativa que protexa suficientemente a biodiversidade e o medio ambiente.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 10:23
Nº Rexistro: 38796
Data envío: 16/10/2018 10:23:52.645



1 Costa Ártabra, Fragas do Eume, Costa da Morte, Corrubedo, Betanzos-Mandeo, Monte Pindo, O Louro, Xubia-Castro, O Careón, O Anllóns, O Tambre, Ladra-Tamega, As Catedrais, Carballiño, Monte Maior, Negueira de Muñiz, Río Ouro, Serra do Xistral, Río Cabe, A Mariña occidental, Baixa Limia, Macizo Central, Pena Maseira, Serra da Enciña da Lastra, Ulla-Deza, A Ramallosa, Brañas do Xestoso, Serra do Cando.

2 Brañas do Xallas, Esteiro do Río Baxoi, Río Baleo, Serra da Cova da Serpe, Brañas do Deo, Río do Castro, Río Grande, Río Beelle, Río Sor, Miño-Neira, Serra de Foncuberta, Penas Libres, Videferre, Río Arnoia, Brañas do Río Calvos, Veigas do río Salas, Brañas de Golpellás, Serra do Suido, Serra da Groba e Monte de Valga, Costa de Oia, Illa de Cortegada.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Deputado do G.P. de En Marea
Antón Sánchez García
Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 16/10/2018 10:22:45

Antón Sánchez García na data 16/10/2018 10:22:54

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 29.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.6 39560(10/PNC-003180)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de mellora da seguridade viaria da estrada PO-331, no treito comprendido entre os puntos quilométricos 11,200 e 14,600

Publicación da iniciativa, 380, 06.11.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:52
Nº Rexistro: 39560
Data envío: 31/10/2018 17:52:27.927

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Axencia Galega de Infraestruturas publicou no DOG, o pasado 6 de agosto de 2018, o Proxecto de mellora da seguridade viaria na contorna do treito de concentración de accidentes na estrada PO 331, do P.K. 11.200 ao P.K. 14.600.

Con data 18.9.2018, a Asociación Veciñal Galiñeiro de Vincios presentou un escrito de alegación ao Proxecto coas seguintes consideracións:

1) O citado Proxecto non ten en conta as necesidades de mobilidade das persoas usuarias da vía e residentes no lugar de Vincios.

2) Cuestiona as actuacións previstas nas interseccións e propón melloras e alternativas. Concretamente nas seguintes interseccións:

- Saída Monte Galiñeiro, P.K. 12.800



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:52
Nº Rexistro: 39560
Data envío: 31/10/2018 17:52:27.927

- Saída Atalaia, P.K. 12.900

- Intersección coa estrada do Salgueiro, P.K. 13.400

- Acceso ao Centro Cultural, P.K. 13.500

- Tanto na intersección coa estrada do Salgueiro como na de acceso ao Centro Cultural poderíanse habilitar carrís centrais para permitir xiros á esquerda.

- Intersección de acceso a Santa Lucía (P.K. 13.900) e intersección de acceso a Piñeiro (P.K. 13.940)

- Intersección de acceso ao barrio da Seca

3) O proxecto non ten en conta o impacto na contorna do incremento de itinerarios e tráfico no pequeno treito que vai desde a intersección da subida ao Galiñeiro ate a Glorieta de Santa Lucía.

4) O Proxecto non ten en conta as necesidades das persoas residentes na parroquia: dificulta os desprazamentos en vehículo dentro da mesma, dificulta a mobilidade peonil debido á distancia entre os pasos de peóns proxectados, e suprime espazos empregados actualmente para estacionamento.

5) A xustificación do Proxecto vén dada pola elevada concentración de accidentes neste treito. Cómpre ter en conta que a maior parte dos sinistros son por alcance, causados por exceso de velocidade, distraccións ou non respecto da distancia de seguridade.

O Proxecto non contempla ningunha medida específica para asegurar que os vehículos respecten os límites de velocidade. Tendo en conta que o obxectivo principal do Proxecto debe ser a redución de accidentes de tráfico, poderíanse establecer outras actuacións como semáforos accionados por velocidade, pasos de peóns elevados ou redución da velocidade máxima.

De todo o anteriormente sinalado dedúcese que esta actuación crea na contorna unha barreira física que dificulta a mobilidade interna tanto para peóns como para vehículos, polo que o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Tomar en consideración, e responder no menor tempo posíbel, ás alegacións presentadas pola Asociación Veciñal Galiñeiro de Vincios, e, nese sentido, reformular o Proxecto de reforma da estrada PO 331 (P.K. 11.200 a P.K. 14.600) para mellorar a mobilidade interna de residentes tanto nos desprazamentos a pé como en vehículos a motor.

2. Que se inclúan no Proxecto medidas para mellorar a seguridade e previr accidentes como semáforos accionados por velocidade, pasos de peóns elevados e redución do límite de velocidade.

3. Que se desenvolvan medidas alternativas para reducir o tránsito de vehículos pola PO 331 como a potenciación da utilización da autovía AG-57



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:52
Nº Rexistro: 39560
Data envío: 31/10/2018 17:52:27.927

mediante a supresión da peaxe actual ou, transitoriamente, a redución da peaxe actual para residentes e empresas radicados no Val Miñor.

4. Que as actuacións previstas neste treito teñan en conta as características urbanas da vía, polo que debería primarse a urbanización e integración na contorna e non a transformación da travesía nunha estrada convencional.”

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 31/10/2018 17:46:35



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:52
Nº Rexistro: 39560
Data envío: 31/10/2018 17:52:27.927

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2018 17:46:40

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2018 17:46:42

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/10/2018 17:46:43

Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2018 17:46:45

Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2018 17:46:47